

"Falo sobre a aniquilación e a derrota dunha clase social"

Sete anos despois do último poemario de **Pilar Pallarés** (Culleredo, 1957), o editor de Chan da Pólvora, **Antón Lopo**, peta na súa gorxa. Logo da longa espera, chega aos andeis *Tempo fósil*, cunha delicada edición en azul prusia brillante deseñada por **Manuel Martínez**. No libro, a voz poética aborda –como un gato, con distancia e entrega absoluta–, a nada que, após erixirmos todo, imos deixar atrás.

Laura R. Cuba 31/out./19

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/falo-aniquilacion-derrota-dunha-clase-social/20191031150532086132.html>

"O incendio da memoria/mentres se parte o esternón da casa". Así acaba o primeiro poema, que marca o ton do resto do libro.

Esa casa, en Culleredo, fíxoa o meu pai coas súas propias mans e traballamos nela absolutamente todos. Foi derrubada xunto con outras 70 en decembro de 2011, na terceira ou cuarta ampliación do aeroporto de Alvedro. Eu daquela acababa de publicar *Leopardo son*, entón estaba noutra cousa. Coincide cunha época na que me entrou moito a teima de anotar para gardar na miña memoria circunstancias ou persoas que coñecín, sen pensar en lectores nin en literatura. A finais dese ano escribín tres poemas. O primeiro ten a ver con ese feito. É como enumerar o dafne, a roseira brava... existían todos na horta, non hai nada inventado. E o segundo poema non tiña tampouco que ver de inmediato, era só pensar onde estaban os ósos dos animais da casa: son destruídos, remexidos, mesturados... Os poemas ficaron alí e un ano ou dous despois escribín o terceiro. A partir de aí, lentamente, continúo o libro. A destrución da casa é un punto de partida e vaise mesturando cun proceso de aniquilación dunha familia moi pequena, unha que non está desde hai moito tempo. Non é un pai simbólico, é o meu pai, que morreu hai 25 anos e que agora mesmo está soterrado no cemiterio de Culleredo, nunha igrexa románica preciosa que ten enriba un terraplén inmenso. Entón o pai está aí, como unha presenza...

A morte, o paso do tempo e a irreversibilidade son constantes nas súas obras. En *Tempo fósil*, porén, esta visión é distinta, se callar máis en comunión con outros seres?

Chámame moito a atención que sempre se observe a morte como unha constante na miña poesía, porque para min o sorprendente é que a morte non estea presente. É unha constante na vida, está aí, todos os días. Vivimos nunha sociedade onde todos facemos como que non existe, e para min tampouco é algo especialmente dramático... Non creo en nada transcendente, mais si creo nunha especie de continuidade na materia. O libro leva unha cita de **Jean Rhys** de *O Mar dos Sargazos* no que fala de que as persoas que teñen sorte morren dúas veces, as que non

morren, moitas máis. Está facendo mención aos mortos vivos, aos vivos mortos... desde unha perspectiva non negativa.

Morremos, mais como materia continuamos. En certa maneira, nunca chegamos a estar completamente mortos. Unha persoa ou outros seres non morren se os gardamos na memoria, se están presentes na nosa vida, ou non morren se están soterrados e lles nace nova vida. Non é unha visión negativa da morte, para min é parte dun ciclo. En *Tempo Fósil* é unha casa, a aniquilación dun lugar... Téñenme dito que é no que o eu está menos presente. No fondo, estou eu completamente, o que pasa é que é unha experiencia moi persoal, un eu que está completamente formando parte dunha cousa. Penso que en ningún momento fago mención á desaparición das outras 70 casas que caeran coa miña porque dese núcleo de 70 casas non formabamos parte. Por iso non fago mención aos veciños, que tamén son exiliados e tamén perden, mais porque iso non existía na miña experiencia.

Tamén fai referencia a restos concretos como vaixelas, ósos...

É unha especie de obsesión miña que logo conflúe con outras cousas de xeito pouco consciente. É a destrución da casa, a obsesión por unha horta que é un camposanto... A casa onde eu nacín está moi presente no libro sen nomeala. É a casa que tivemos que deixar ao ir para a casa nova. Aínda existe, está nun lugar no medio doutras, con veciños. De súpeto, trasladámonos para unha casa que para os pais supón un progreso, que é ter unha casa propia, mais que está ao lado dun val no que non había absolutamente nada. Penso que xa na lapela di que non hai nostalxia no libro, porque é unha relación amor-odio cun lugar e cunha casa, porque para os nenos foi tamén un lugar de exilio, de desterro, para toda a familia.

“Eles eran os primeiros poboadores/e este só chan de exilio”.

Exacto. Na casa inicial, na que nacín, sendo parte dunha familia de clase obreira con moi poucos obxectos, un xogo de café e máis nada, xogábamos moito a andar cachando na horta a ver que aparecía, e aparecían restos da xente que vivira alí antes. Sobre todo anacos de louza. Eu fun facendo o libro cando reparei que sempre vivín en casas que foran habitadas antes, mesmo na que vivo agora. A única casa que inauguramos foi precisamente esta, entón chegas a un lugar que é unha casa feita na aba dun val onde non hai nada, non hai restos, non hai vida anterior que ti percibas. Tampouco era moi consciente ao facer o libro, mais hai a sensación abismal de que logo tampouco vas deixar nada. Non tes tempo a que se vaian sobrepondo uns estratos sobre outros, a crear un sedimento.

É a túa unha poesía da desposesión?

Non son consciente de estar falando sobre a desposesión. Son consciente de estar falando sobre a perda, sobre a aniquilación e ten moito que ver tamén con procesos persoais. Sobre esa imposibilidade de deixar pegada, eu creo que está moi no mundo no que vivimos. Detrás de nós pouco vai quedar. Ese estar construíndo sobre nada e, en certa medida, para nada. Construíndo algo que logo, por causas totalmente alleas a ti, é derrubado e desaparece. Iso tamén ten que ver co social. Unha cousa é estar nun lugar que sabes que non vai desaparecer e outra cousa é estar neste bairro, que é estar nunha casa que foi o soño da túa familia mais que se nun momento determinado proxectan construír vivendas vai ser eliminada como se nada, como se todos os soños desas persoas non servisen para absolutamente nada. Eu iso estenderíao á vivencia das clases populares no noso mundo, ou da maior parte das persoas que viven nese planeta. O que construamos, os soños que teñan non valen para nada. Nun momento determinado poden desaparecer sen deixar practicamente pegada.

Falas do trasfondo social que hai nese tratamento da casa. Chama a atención como en *Entre lusco e fusco*, o teu primeiro libro, si que había un carácter social marcado. Só volve emerxer neste libro?

O primeiro libro non tiña pensado publicalo, eu ía a tertulias de **Paco Pillado** e alí el organizou para que lle lese poemas a **Luís Seoane**. Daquela, para min os poemas non tiñan maior importancia, porque eu durante toda a miña vida quixera ser pintora. Foi Seoane quen decidiu que había que publicar un libro e comprometeume a que lle levase o libro organizado o día da homenaxe a **Lourenzo Varela** no Ateneo da Coruña. El morreu a noite anterior e foron **Isaac Díaz Pardo**, **Maruxa Seoane**... quen seguiron co compromiso de que o libro saíse. O título ten moito a ver co que dis, porque eu era consciente de que había toda unha parte de poesía intimista, moi tremendista. De feito, lembro un día que estaba **Rafael Dieste**, que me rifou porque nun poema eu dicía que tiña apodrecida a alma. “Como unha rapaza de dezanove anos pode dicir iso?”. Logo, a presenza do social ten moito que ver coa poesía galega que eu ía coñecendo, e unha das fascinacións da miña vida foi *Longa noite de pedra*, que lin cando facía COU. Ten moito a ver tamén coa descuberta deste país. Corresponde cun proceso que é real. Cando estaba nos finais do bacharelato, coñecín a **Moncho Valcarce**, o cura de Sésamo, e foi a primeira vez que tiven consciencia de que este país existía e tiven consciencia lingüística. O libro recolle iso, non é literatura, é un proceso que ten que ver co meu proceso vital. Nos seguintes libros non está presente. Porén, sempre penso que ao mellor sería interesante facer unha escolma dos poemas máis convencionalmente sociais que fomos facendo as persoas que en aparencia non facemos esa poesía. Porque logo eu paralelamente si que fixen moitos poemas que non cadran cun libro en concreto. Todos temos feito poemas sobre Palestina ou sobre **Alexandre Bóveda** ou sobre o *Prestige*, e non se teñen en conta porque non pintan nada se estás facendo unha obra que ten que ver con algo diferente.

Hai moita tendencia na poesía intimista a pensar erroneamente que é autobiográfica, mais vostede di que cada libro, en certa medida, reflicte unha etapa vital.

No meu caso, creo que todo o que fago si que ten que ver moito coa miña biografía, mais como punto de partida, porque a miña experiencia particular impórtalle ás persoas que me coñecen e que me queren, aos demais non. Do que se trata é precisamente de, partindo dun material que é biografía ou a túa visión do mundo, utilizalo como material construtivo, conseguir con iso unha reflexión que sexa en certa maneira arquetípica, que poida ser entendida e que diga algo que teña un significado nunha época, ou nunha circunstancia ou para persoas que en absoluto sabes como es ti como ser humano. Hai ese proceso de distanciamento, de universalización e de ficcionalización.

Deixa pasar tempo entre un libro e outro. Como aborda cada poemario? Ten claro o conxunto, vai creando até ver un fío condutor...?

Esta é a primeira vez que son consciente de estar a facer un libro non só sobre un tema, senón que ten unha unidade. Cada poema era como unha especie dun fragmento dun todo. Eu antes era fundamentalmente autora de poemas, e logo hai libros que chegan a ter unha certa unidade mais ten que ver cun proceso interno. Teño tempos moi lentos, estás nunha época dándolle volta a unhas cantas teimas e obsesións que logo aparecen no libro mais como unha unidade miña, do meu proceso. Mesmo no *Livro das devoracións* é iso. É un reflexo das etapas vitais. En *Tempo fósil* é unha obsesión sobre a desaparición da casa, a aniquilación da familia, mesmo a derrota para os soños dunha clase social. O que fixeron os meus pais é cumprir inicialmente o soño que seguen a ter as clases populares, e que está en moitas persoas que emigran, que é facer unha

casa, acceder a outra forma de vida. Facer unha casa na que pasas, por exemplo, como na miña xeración, de ter un baño na horta a ter un baño onde te podes lavar en algo que non sexa unha tina. Ou ter mesmo obxectos ornamentais, cousas que non teñen por que ser útiles.

Luciano Rodríguez ten dito que é "a dona da xusta medida". Como traballa os textos para chegar a unha poética tan contida?

A min a poesía feita desde a racionalidade non me interesa nada. Desde o dominio da razón son previsíbel, entón claro que podes facer un poema en calquera momento, aplicas unha receita como se estiveses a facer lacón con grelos. Iso non me interesa porque eu basicamente son leitora. Como leitora a min non me enganan demasiado, entón tendo moito a verme a min desde fóra e ante un poema meu tamén son leitora. Se a min non me convence, xa me couda completamente. Tamén escribo nun proceso de ideas, obsesións que van levedando, mais teño que conseguir que non estea a razón dando a lata e moitas veces o detonante é unha imaxe ou un ritmo que está aí e fai que o poema se desencadee, non a inspiración, que é outro proceso diferente.

Creo que se conseguimos adormecer un pouco a razón, os seres humanos sabemos máis e aparecen cousas ás que nun estado de dominio racional nunca chegaríamos. Por exemplo, o poema meu que todo o mundo máis recoñece é o poema do escriba. Ese poema eu non sei moi ben como xurdiu, é un poema que se fixo case só. Nos primeiros versos —‘a luz do escriba’— estou a facer mención a un escriba moi concreto, que é o escriba sentado que está no museo do Louvre. Moitos anos despois de ter estado alí, é como unha visión, o escriba cun resplandor que non existe, porque non está nunha sala onde haxa un resplandor de fóra nin nada. De súpeto hai unha imaxe que procede de moito tempo atrás que non sabes como se desencadea, ou un ritmo. É algo que a razón non está a controlar mais non é inspiración.